

# QUILÓMETROS DE SOLIDARIEDADE



Save the Children

# DOSSIER

Esta guía didáctica ten como obxectivo amosar a importancia que implica ter acceso á auga limpa para a supervivencia infantil, a vulnerabilidade que provoca a falta deste recurso e como Save the Children traballa para atallar as consecuencias desta situación.

Tanto o dossier coma as actividades completan o labor dos docentes, quen lles achegan distintas realidades sobre as que apoian o seu traballo en valores como a solidariedade, a cooperación, o respecto e a responsabilidade.

**Dirección:**  
Marisol Paniagua

**Colaboración**  
M<sup>a</sup> Luisa Ortega del Val  
María Cimadevilla  
Silvia Lara  
Juan Guilló

**Arte e maquetación:**  
Germán Gullón (VALBHY)

**Edita:**  
Save the Children España

**Depósito legal:**  
M-36108-2016



**Ter acceso á auga é un Dereito Humano fundamental que millóns de persoas no continente africano non teñen garantido.**



Foto: Stuart J. Sia

# A AUGA, RECURSO NECESARIO

O planeta está cuberto en tres cuartas partes de auga, maiormente salgada con apenas o 2,5% de auga doce. Para vivir e evolucionar precisamos de auga doce. Mais tamén ten que cumprir unha serie de condicións: **ser líquida, limpa e doada de obter.**

É por iso que as persoas intercedemos no ciclo da auga mediante a construción de infraestruturas destinadas a recoller a auga dispoñíbel na natureza e tratala para o seu consumo.

Mais o acceso á auga non é igual en todas partes. En moitos lugares do mundo, como acontece nalgúns países do continente africano, resulta moi difícil conseguir auga limpa e potábel. Alí, a auga que consomen non é da calidade suficiente, polo que a poboación, en especial os máis pequenos, son susceptíbeis a sufrir problemas graves de saúde.

## O ACCESO Á AUGA, UN DEREITO HUMANO

Hai máis de 60 anos, segundo a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o acceso á auga potábel e saneamento constitúe un dereito humano fundamental. Porén, hoxe en día isto semella ser apenas palabras, xa que millóns de persoas no mundo non teñen acceso á auga potábel e carecen dos saneamentos básicos.

A falta de auga non é o principal problema, senón a falta de acceso que sofre parte das poboacións máis desfavorecidas. Esta falta está ligada á falta de inversións en infraestruturas, o aumento da poboación e o aumento no consumo de auga diario. De continuarmos a este ritmo, dúas de cada tres persoas vivirán con carencia de auga no ano 2025.

O problema é tan grave que nas Nacións Unidas decidiron crear un día que tivese como fin concienciar ás persoas sobre a importancia da auga para os seres do planeta: **o 22 de marzo, Día Internacional da Auga.** Un día para que os gobernos, as ONGs, as empresas e a sociedade civil aglutinen esforzos e participen na protección deste recurso e para que as persoas reflexionen sobre os problemas no subministro de auga potábel.

# A AUGA EN ÁFRICA

Os recursos hídricos están moi dispersos no continente africano. Namentres algúns países dispoñen dun subministro hídrico relativamente estábel, outros, como os da zona do Corno de África, carecen fortemente del. A isto cómpre engadir que a maioría de países carecen de recursos para desenvolver infraestruturas coas que facer fronte ás secas periódicas e para distribuír auga a todos os núcleos dunha poboación fortemente rural e moi espaxada.

Unha consecuencia directa da falta de infraestruturas é que tres de cada catro africanos empregan auga subterránea como fonte básica de auga potábel, o que implica que o acceso sexa máis complexo. Ademais, a calidade das augas subterráneas é moi variábel. Nos países subsaharianos, a auga adoita ter arsénico e fluoruros e, se a isto lle engadimos a contaminación derivada de residuos industriais e agrícolas coma pesticidas ou fertilizantes, achámonos ante unha dobre dificultade: acceso difícil e custoso e auga contaminada ou de pouca calidade para ser consumida.


Estas dificultades contribúen a enraizar o problema e a perpetuar a pobreza:



A xestión deficiente das augas residuais.



O consumo de augas subterráneas e de baixa calidade



A contaminación, favorecida pola falta de control administrativo

## OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E O FENÓMENO DE EL NIÑO

O cambio climático é a variación global do clima na Terra, provocado pola intervención humana e o modelo de evolución vixente. Este cambio leva a variacións nas temperaturas, precipitacións e outras variacións climatolóxicas. Con forte impacto nas condicións de vida humana así coma nos ecosistemas, as especies animais e vexetais son máis vulnerábeis e, no caso das comunidades máis empobrecidas, esta vulnerabilidade agudízase aínda máis.


Os fenómenos climatolóxicos coma El Niño dificultan aínda máis o acceso á auga, non só para beber, mais tamén para consumo agrícola e gandeiro, principal fonte de ingresos das familias nos países máis pobres.

# QUE É O FENÓMENO DE EL NIÑO?

Poderíamos describilo como un fenómeno que agora mesmo, paradoxicamente, é unha ameaza global para aqueles dos que colle o nome.

El Niño orixínase a partires dun quecemento do Océano Pacífico que ocorre cada 3 ou 7 anos. Por mor desta masa de auga quente, os ventos alisios debilítanse ou mudan de dirección. Como resultado deste cambio de correntes no aire e no mar, libérase calor á atmosfera e cambian as condicións climatolóxicas en todo o mundo. Nalgunhas áreas aumentan as precipitacións, mentres que noutras diminúen, coas conseguintes enchentes e secas. Coas temperaturas pasa o mesmo, nalgúns lugares son máis altas e noutros máis baixas.

Os efectos deste fenómeno, polo xeral, son débiles, mais cada certo tempo resultan ser devastadores, tal e como acontece neste momento.



## AS CONSECUENCIAS DO FENÓMENO DE EL NIÑO

El Niño provoca **secas**. A falta de choivas fai que os campos sequen e os animais morran, coa consecuente falta de alimentos e medios básicos para as familias. Moitas familias vense obrigadas a vender as súas últimas posesións para poder comer ata que definitivamente quedan sen nada. Neste proceso, moitos cativos e cativas vense obrigados a abandonar a escola para traballar en traballos perigosos. Ademais, neste contexto os gastos en saúde redúcense ou mesmo elimínanse.

Tamén **as enchentes** son unha das consecuencias máis perigosas do fenómeno El Niño. Ademais do perigo real de morrer afogado, as enchentes contaminan as fontes de auga, e doenzas coma o cólera ou a febre tifoidea poden ser devastadoras.

Ora polo efecto das secas ora polo das enchentes, as familias teñen que fuxir dos seus fogares na procura de alimentos, auga ou traballo. Este éxodo fai que moitas persoas deixen de ter acceso ó sistema sanitario ou aloxamento, e que a vulnerabilidade sexa máis patente.

Calcúlase que no este de África 22 millóns de persoas estarán en risco de padecer inseguridade alimentaria, é dicir, con problemas para conseguir alimentos básicos. Etiopía, Somalia, Eritrea e Sudán do Sur son algúns dos países máis afectados. Lugares onde a pobreza é crónica e onde os cativos e cativas son os máis vulnerábeis.

# COMO LLE AFECTA Á INFANCIA A FALTA DE ACCESO Á AUGA POTÁBEL?

A falta de acceso á auga ten consecuencias inmediatas e futuras para os menores que afectan a:

- **A saúde:** A diarrea por beber auga en mal estado é unha das principais causas de mortalidade infantil nos menores de cinco anos, ademais da desnutrición agravada por consumir esta auga. Hai outras doenzas de orixe infeccioso relacionadas coa insalubridade das augas estancas e abundan os casos de malaria ou dengue.
- **A educación:** A falta de auga nos momentos de maior seca provoca o peche temporal de escolas e que os cativos e as cativas abandonen as clases.
- **O xénero:** A vida das mulleres e das cativas vese especialmente afectada pola falta de acceso á auga potábel e ó saneamento, xa que adoitan ser elas as encargadas de ir buscala. O 71% do traballo que implica ir buscar auga recae nas cativas e as mulleres. Moitas camiñan varios quilómetros para ir en busca da auga, unha media de catro horas diarias, o que a converte nunha das principais causas do absentismo escolar, e máis no caso das nenas. As nenas perden o seu dereito á educación, a mellor ferramenta para saír da situación de pobreza.
- **A protección:** O feito de que as nais teñan que recorrer distancias longas fai que durante ese tempo deixen de coidar ós seus fillos e os deixen nunha situación de desprotección e perigo.

A auga, símbolo de vida e purificación en moitas culturas, **convértese en doenza e morte para gran parte da poboación.**



Asegurar o acceso a auga potábel e un saneamento axeitado non só asegura que os menores poidan beber auga ou lavarse, **tamén permite que sobrevivan, aprendan e estean protexidos.**

# OS EFECTOS DA SECA EN ETIOPÍA, UN DOS PAÍSES MÁIS AFECTADOS POR EL NIÑO

Preto de 5 millóns de cativos e cativas están en risco de padecer fame como consecuencia dunha das peores crises alimentarias en Etiopía provocada por unha seca que afectou ás rexións xeralmente máis verdes e produtivas.

350.000 cativos e cativas xa sofren desnutrición severa, unha doenza que, de non ser tratada, podería provocar atrasos no crecemento, tanto a nivel físico como mental e, no peor dos casos, a morte.

A seca deste ano, provocada principalmente por El Niño, afectou directamente a 8,2 millóns de etíopes nunha zona cunha extensión semellante á do Reino Unido. A seca fixo que familias enteiras perdesen as súas fontes de ingreso e o subministro de alimentos e, sen elas, as vidas de millóns de persoas, en particular as dos cativos e cativas, perigan.

**Os grandes avances acadados en seguridade alimentaria, educación e saúde ao longo dos anos que levamos traballando neste país están en perigo.**

## A RESPONSTA DE SAVE THE CHILDREN EN ETIOPÍA

En Save the Children **estamos traballando en máis do 70% dos distritos afectados**. Que xa esteamos a traballar in situ dáanos a posibilidade de identificar e actuar nos lugares máis vulnerábeis, axudando ás comunidades a protexer aos cativos e cativas dalgúns dos peores efectos de El Niño.

Ocupámonos do **subministro de alimentos, auga, medicinas e axuda que precisan as familias** que perderon os seus ingresos. Algo tan sinxelo como mellorar o acceso á auga e ao saneamento (dándolles bidóns de auga, xabón, construíndo latrinas ou mediante cursos de formación) fai que salvemos moitas vidas. Estamos axudando a construír ribeiras para evitarmos enchentes, **rehabilitando e distribuíndo alimentación** que contribúa a manter san o gando.

Tamén estamos a formar traballadores sanitarios na comunidade para que poidan tratar a desnutrición e que deriven a centros de estabilización aos menores máis afectados. **Rehabilitamos escolas e facemos que lles chegue a auga e o saneamento**, o que permite que os cativos e cativas, que tamén reciben materiais educativos, permanezan escolarizados.

Temos preparados refuxios prontos por se as familias tivesen que abandonar os seus fogares. Tratamos de darlle o noso apoio ás familias que o perderon todo e que non dispoñen de suficientes medios de vida mediante o programa **“cartos por traballo”**.

# ACTIVIDADES

Desde Save the Children queremos promover coñecementos e competencias que lle acheguen á Comunidade Educativa de educación infantil, primaria e secundaria, valores en solidariedade, intercambio e apoio participativo entre as persoas, sentando ós poucos as bases sociais e de respecto para acadar un mundo máis xusto.

O material didáctico proposto facilita o coñecemento das realidades do mundo actual, os procesos de participación en prol da xustiza, a igualdade de dereitos e a dignidade.

## Os obxectivos

- Dar a coñecer outras realidades mundiais.
- Reflexionar sobre a importancia de garantir os Dereitos Humanos, en especial os das cativas e cativos.
- Favorecer a participación e a corresponsabilidade a favor do acceso á auga limpa e potábel coma dereito fundamental.

## Os contidos

- Dereito á auga e ao consumo responsábel.
- Dereitos Humanos e Dereitos específicos da infancia.
- Interconexión, desenvolvemento sostíbel e humano.

## As competencias

- Percepción e descubrimento.
- Expresión oral, corporal e artística.
- escoita e empatía.
- Análise e resolución de problemas.
- Relacionar, deducir e razoar.
- Negociación e cooperación.
- Responsabilidade individual e colectiva.

Para deseñar as actividades tivéronse en conta tres eixos metodolóxicos que calan no contido curricular dos diferentes niveis educativos:

- **COÑECER:** proceso de percepción, descubrimento e comprensión de información para formármonos como persoas.
- **REFLEXIONAR:** comprender, analizar e deducir conclusións sobre a información obtida a través do traballo en grupo e individual.
- **PARTICIPAR:** acción colectiva en procesos creativos e de intervención a prol dos Dereitos Humanos.





40 min.

## “DONA GOTA É A NOSA MASCOTA”

3-6 anos

### PROPOÑÉMOSTE

Facerlle ver aos teus alumnos e alumnas, a través do sentido do gusto, o valor da auga e, de seguido, buscar, personificar e colectivizar as gotas de auga co obxecto de amosar a necesidade de coidado e colaboración conxunta a prol do acceso á auga para todos e todas.

### PRECISAS

- Un vaso de auga por participante.
- Unha gota de auga feita con cartón reciclado, decorada e plastificada por cada participante.

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

#### Saborear (10-15 min.)

O mestre ou mestra reúne o grupo nun espazo cómodo onde poidan beber un vaso de auga tranquilamente, saborean a auga limpa, descubren a súa cor, o seu sabor e infórmase sobre o necesaria que é a auga para vivir.

#### Descubrir (5 min.)

O mestre puxo por toda a aula moitas gotas de auga feitas con cartón, decoradas e plastificadas. Cada participante busca unha co seu nome e coa súa fotografía por detrás.



### **Rolda de expresión e presentación (5-10 min.)**

O mestre ou mestra fai un círculo na aula e di “Dona Gota é a nosa mascota”. Dilles que a auga é moi importante na nosa vida e que temos que coidala entre todos e todas. Cada participante presenta a súa gota de auga: as gotas de auga quítannos a sede, mantennos limpos e dannos a vida. Non podemos deixar que as gotas de auga se perdan xamais. Todas e todos coidamos das gotas de auga para vivirmos sans e sen enfermarmos.

O mestre ou mestra pregúntalles: como coidamos a Dona Gota? Rolda aberta de expresións e mensaxes para mellorar a utilización da auga.

### **Todos xuntos pola auga (5-10 min.)**

Finalizada a rolda ensaiamos o xeito de chamar ás nosas mascotas: “damos palmas cun só dedo todos xuntos, imitando as pingas da choiva”, escoitamos o son que creamos e chamamos ás gotas de auga para enviarlle auga a todos os nenos e nenas do mundo.

Ensaíamos diferentes sons e formas de chamar ás gotas de auga: rápido, lento, suave, forte. Rematamos a actividade chamando con forza á auga entre todos xuntos, para que chegue a Etiopía e a todos os lugares do mundo onde fai falta auga.

### **SUXERENCIAS**

O mestre pode pedirles ás familias que fagan na casa unha gota de auga para que leven a clase antes da actividade. Faise en cartón reciclado, co tamaño aproximado dunha folla, decorada, plastificada e co nome e foto (segundo a idade) do neno ou nena. Cabe a posibilidade de organizar un taller no que as familias poderán crear gotas de auga para todos.

### **PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES**

Precisamos auga para vivir? Quen coida da auga? E, temos que procurar entre todos que a auga non se perda?

# “UNHA IDEA SORPRENDENTE: A AUGA QUERE MARCHAR A ETIOPÍA”

6-9 anos



45 min.

## PROPOÑÉMOSTE

Dar a coñecer a idea sorprendente de Cristian: “a auga quere marchar a Etiopía e descubrir o seu gran valor”. Os alumnos e alumnas opinan, por que esta idea? Por que quere marchar a auga? Grávanse as reflexións e argumentos individualmente ou en grupo sobre o valor da auga e a necesidade de coidala eponse de manifesto a importancia da auga como un Dereito Humano fundamental para a vida.

## PRECISAS

- Follas
- Lapis
- Gravadora

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### Unha idea sorprendente (10 min.)

O mestre ou mestra cóntalles que:

Cristian é un cativo de 8 anos e vive nunha vila de Toledo. Desde que naceu, sempre houbo auga na súa casa; na súa vila nunca faltou a auga para asearse, para facer a comida, para lavar a roupa, para a horta, para os animais... e sempre houbo pozas de baño naturais e piscinas no verán. Gástase moita auga continuamente.

Hai dous días, Cristian escoitou na radio que en moitas vilas de Etiopía hai épocas de seca. As mulleres e nenas camiñan todos os días entre 5 e 10 quilómetros para conseguir auga potábel para beber, asearse, darlle de beber ao gando e regar as colleitas. Tamén escoitou que os cativos e cativas adoecen pola falta de auga limpa. A auga limpa e potábel é moi valorada en Etiopía, xa que hai pouca e é esencial para vivir.

*“Cristian deu en dicir que a auga da súa vila quere marchar a Etiopía, porque quere deixar de ser malgastada e descubrir o seu gran valor”.*

### Preguntámoslle ao grupo (10 min.)

Unha vez presentada “a idea sorprendente de Cristian”, analizamos a situación e preguntámoslle ao grupo: por que daría en dicir iso Cristian?, por que a auga quere descubrir o seu valor en Etiopía?, o grupo responde con opinións espontáneas, a xeito de tormenta de ideas.

### **Buscamos solucións: convencer á auga do valor que ten (15 min.)**

O profesor dínos que temos que aclararlle esta idea a Cristian; hai que convencelo de que todos precisamos de auga para vivir e que temos que ter conta da auga todos os días, sen malgastala nin tirala e teremos que convencelo de que a auga é un recurso necesario en todas as partes do mundo. O mestre indica que habemos de realizar unha gravación na clase coas nosas propostas para coidarmos deste recurso e do acceso a el xunto cunha explicación de por que é precisa en todas as partes do mundo.

### **Escoitámonos (10 min.)**

Toda a clase escoita as opinións presentadas e gravadas.



### **SUXERENCIAS**

O mestre ou mestra, segundo a idade e características do alumnado, suxire que o traballo de gravación se leve a cabo en grupos pequenos ou nun grupo grande.

Pódense enviar as gravacións aos medios de comunicación comarcais ou locais durante o día da auga, o día dos medios de comunicación, o día dos dereitos da infancia... ou calquera outro día que considere o centro.

### **PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES**

Despois desta actividade, que descubriches? Valoras máis a auga? Cres que todo o mundo é consciente de que cómpre coidar da auga? E podes contribuír a que se coide a auga no lugar no que vives?

Etapa de Primaria

# “TENA INVESTIGA: GOTA A GOTA, A VIDA NON SE ESGOTA”

9-12 anos



55 min.

## PROPOÑÉMOSTE

Contar a situación de Etiopía a través da investigadora Tena e apoiar á investigación que leva a cabo na que propón calcular, comparar e corresponsabilizarse no bo uso e o dereito á auga para todas as persoas do mundo.

## PRECISAS

- Papel
- Bolígrafos
- Cartolina grande ou papel continuo

## DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### Fala sobre Etiopía e a súa xente (5 min.)

O mestre ou mestra cóntalles que:

“Etiopía padece épocas de grandes dificultades por mor da seca, a auga escasea e non ten saneamento. En Etiopía a maioría da poboación vive en zonas rurais e, por mor da seca, pérdense tanto o gando coma as colleitas. As persoas, sobre todo os cativos e cativas menores de cinco anos adoecen por mor da falta de auga limpa e potábel.

As mulleres e as nenas recorren entre cinco e dez quilómetros diarios para ir buscar auga. Os cidadáns de Etiopía empregan uns cinco litros de auga por persoa ao día; emprégana para beber, asearse, para as colleitas e o gando.

A auga ten un valor incalculábel en Etiopía, saben que é importante para a vida e para evitar doenzas. A auga limpa e potábel é fundamental para a alimentación, a hixiene, a saúde e para o desenvolvemento das persoas e a natureza en xeral”.

### Presenta a Tena a investigadora. (5 min.)

Explicalles que Tena é unha investigadora nova de Adís Abeba, a capital de Etiopía, á que lle encomendaron realizar unha investigación sobre a auga e quere coñecer que uso lle damos á auga no mundo. Tena defende que todas as persoas teñan acceso á auga, pois é un Dereito Humano fundamental.

## Investigación e tarefas para facer.

Para a súa investigación, Tena precisa intercambiar realidades e corresponsabilizar sobre a importancia do dereito á auga co fin de potenciar un “desenvolvemento sostíbel e humano” no mundo. A investigadora solicita tres tarefas:

- **CALCULAR.** Cantos litros de auga consume unha persoa ao día en España e que uso lle dá á auga. Cada alumno ou alumna realiza unha listaxe coas accións para as que precisa auga durante o día, mide os litros aproximados que gasta e suma todos os litros gastados ao día. (10 min.)
- **COMPARAR.** O cálculo de cada alumno ou alumna é aproximado, cómpre realizar unha media de todos os alumnos de clase e comparar o gasto de auga dunha persoa de España cunha de Etiopía. (10 min.)
- **COMPROMISO.** Que se pode facer para darlle un mellor uso á auga, sen malgastala e apoiando o dereito ao acceso á auga para todas as persoas. Cada participante suxire unha acción de maneira individual ou en grupos de traballo. No caso de que os participantes consideren que é destacábel a acción presentada, plásmase nun mural para a firma do compromiso coa auga. (15 min.)

### Firma de compromiso (APOIA – COIDA)

Explicase que: “A natureza e as persoas estamos en relación constante, co paso dos anos o consumo excesivo afecta a outros, así como as secas e a falta de recursos, porén, co paso do tempo isto tamén lle afecta á nosa contorna inmediata”. Tras recoller, ler e estar conforme coas accións de compromiso reflectidas no mural, todos os participantes firman o acordo de responsabilidade adquirido coa nosa contorna humana e natural. (10 min.)

## SUXERENCIAS

As tarefas que se han levar a cabo na investigación pódense realizar por subgrupos de traballo en clase (3, 4 ou 5 participantes) ou de maneira individual e poñendo en común as reflexións.

## PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES

Descubriches realidades que non coñecías? Consideras que podes mellorar o uso que fas da auga? Cres que o que facemos nun sitio en concreto ten consecuencias noutros lugares? Gustouche participar nunha actividade en prol do dereito ao acceso á auga para todos?





## “INTERCAMBIO DE PREGUNTAS”

13-18 anos

### PROPOÑÉMOSTE

Explicar brevemente a importancia que ten a auga para o desenvolvemento humano no mundo, repartir frases para crear grupos de traballo sobre o dereito e a responsabilidade con respecto á auga. As frases repartidas son a base para reflexionar e crear preguntas e respostas que esperten a conciencia individual e colectiva en canto á evolución humana e sostíbel, e para trasladar esta conciencia a concellos por medio de murais ou cartaces.

### PRECISAS

- Fotocopiar frases para crear grupos
- Follas
- Bolígrafos
- Rotuladores
- Papel continuo
- Cartolinas

### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

#### Explicación do contexto (10 min).

O profesor explica que: a falta de auga potábel é un problema moi grave en moitas zonas do mundo, Etiopía é unha delas. O acceso á auga limpa e ao saneamento é un dereito básico, un dos obxectivos de desenvolvemento sostíbel da axenda internacional ata 2030.

A falta de acceso á auga potábel, as secas e os sistemas de saneamento obsoletos impiden o desenvolvemento humano. Esta situación implica que moitos cativos e cativas teñan dificultades de futuro, sen dereito a unha vida digna na que poder medrar e recibir alimentos axeitados, atención médica, educación e protección. Moitas doenzas evitábeis como a diarrea ou o cólera convértense en causas de mortalidade. Rematar con esta situación significa loitar contra a desigualdade e asegurar os dereitos de todos os cativos e cativas.

#### Distribución de grupos (10 min).

O mestre reparte na aula as seguintes “frases-mensaxe” para realizar grupos de traballo de cinco participantes cada un:

- Todas as persoas precisan de auga para vivir.
- Tratar a auga con respecto é coidar a natureza e ás persoas.
- A auga é indispensable para a saúde.
- Desperdiciar a auga é falta de responsabilidade.
- Todos os pobos teñen dereito a auga limpa.

### **Enviamos preguntas (10 min).**

Os alumnos e alumnas reúnen-se por grupos de traballo segundo a frase que coincida, teñen 7 minutos para crearen unha pregunta para cada un dos outros grupos e facerlles reflexionar. Unha pregunta relacionada coa frase que formou o seu grupo. Por exemplo: o grupo de “Todas as persoas precisan de auga para vivir” crea unha pregunta para cada grupo:

1. Algunha vez pensaches que no mundo hai persoas que viven con moi pouca auga?
2. Imaxinas como pode ser a vida sen auga?
3. Que ocorrería no mundo se desaparece a auga?
4. Se non tiveses auga, que farías?
5. Preocúpante as cousas que lle acontecen a outras persoas?

### **Respondemos preguntas (15 min).**

Todas as preguntas presentadas polos grupos son válidas, o mestre ou mestra dá as instrucións para pasarlles as preguntas ao resto de grupos e para que poidan respondelas de maneira concisa, reflexionada e chegando a conclusións conxuntas.

### **Control e calidade (5 min).**

Após finalizar as respostas, cada grupo realiza un proceso de “control e calidade para o desenvolvemento e o coidado do medio ambiente” e elixen a pregunta que, segundo eles, fixo reflexionar máis.

### **Posta en común e murais (5 min).**

Finalizamos a actividade poñendo en común as preguntas e realizando murais co fin de favorecer a reflexión no centro escolar, no concello e no barrio.

## **SUXERENCIAS**

No caso de que as preguntas-respostas esperten interese nos grupos, pódense presentar novas quendas de envío, resposta e control de calidade. Pódense realizar murais e cartaces nunha nova sesión de traballo.

## **PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES**

Que é para ti o desenvolvemento humano e sostíbel? Que descubriches sobre a auga? E, cres que cómpre concienciar a toda a comunidade sobre a importancia de coidar un recurso coma a auga?





## “APREIXO DE AUGA PARA TODOS”

### Educación Física

#### PROPOÑÉMOSTE

Darlle un papel aos participantes, a maioría son gotas de auga que se moven polo espazo perseguidas pola seca. As gotas de auga detéñense cando as colle a seca e, cando estean todas paradas, estenden os brazos, únense e forman un círculo “rede de abastecemento de auga”. A rede unida avanza cando escoita o nome dalgún país, con pasos longos ou curtos segundo a falta de acceso á auga no país. Etiopía precisa zancadas grandes, finaliza a actividade cun gran apreixo colectivo que simboliza o dereito ao acceso á auga para todos.

#### PRECISAS

- Pintura azul ou camisetas azuis
- Dúas camisetas amarelas

#### DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

##### **Dar un papel (10 min.)**

O mestre marca a todos os alumnos e alumnas cunha pintura azul ou cunha camiseta azul, indicándolles que son “pingas de auga” que se moven correndo polo espazo.

Dous voluntarios con camisetas amarelas simbolizan “a seca” en busca das “pingas de auga”.

##### **Dar tarefas (15 min.)**

Cando “a seca” colle a unha “gota de auga”, xuntan as palmas das mans e convértese nunha “estatua” que permanece parada cos brazos estendidos.

Cando collen a todas as gotas de auga e convértenas en estatuas, os alumnos detéñense e o mestre explica que esta situación simboliza un momento de gran seca, xa que non hai auga para beber, para as colleitas, para o gando e isto ten consecuencias para a poboación e, en especial, para a infancia.


Despois, todas as gotas de auga estenden os brazos e agárranse unhas a outras polas mans, formando entre todas un círculo “rede de abastecemento de auga”, ao tempo que reflexionan sobre a necesidade da auga para a vida no planeta.

### **Avanzamos xuntos (10 min.)**

Todas as pingas de auga unidas forman un círculo, os representantes da “seca” colócanse no centro e citan nomes de países (en todos é preciso ter acceso a auga limpa e saneamento). Cando as pingas unidas escoitan o nome dos países (España, Romanía, India, Etiopía...) avanza cara diante, dando un paso curto ou máis longo segundo consideren como é o acceso á auga limpa e ó saneamento no país en cuestión. O último país citado é Etiopía, neste país precisan con urxencia o acceso a auga limpa e saneamento, polo que, cando escoiten o nome de “Etiopía”, deben de dar un paso moi grande que lles permita unirse e estar moi xuntos.

### **Apreixo colectivo (5 min.)**

A actividade finaliza cando todas as gotas están moi xuntas e cun “apreixo colectivo” simbolizan o dereito á auga e ao saneamento para todos.



### **SUXERENCIAS**

É importante escoitar e coidar aos compañeiros e compañeiras. O mestre axúdalles a citar países e a facilitar o ritmo da actividade.

### **PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES**

Gustouche ser gota de auga? Que sentiches cando formastes unha rede de auga xuntos? Que sentiches cando se detivo todo? E, é importante dar pasos xuntos en prol do acceso á auga para todos? Que destacas da actividade?

Rega a vida e a educación  
de milleiros de cativos e cativas.

A C/C na que podeades ingresar  
o recadado na actividade é:  
**Banco Santander**  
**ES55 0049 1837 5620 1024 9000**



Lembra indicar no concepto o nome do centro.

Moitas grazas!



**Quilómetros de Solidariedade** é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:



**TOURLINE  
EXPRESS**



**SOBREVIVIR  
APRENDER  
ESTAR PROTEXIDO**



**Save the Children**